


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

I LEXISLATURA
1981

Ano III

N.º 331

5 de outubro de 1984

ÍNDICE

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

DE TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

	EMENDAS	
	Páx.	Páx.
N.º 1. De DON CAMILO NOGUEIRA ROMÁN (G.P. MIXTO) (n.º 4.485) (Ó Articulado).	7236	
N.º 2. Do GRUPO PARLAMENTARIO CENTRIS- TAS DE GALICIA (n.º 4.494) (Ó Articulado).	7237	
N.º 3. Do GRUPO PARLAMENTARIO COALI- CIÓN GALEGA (n.º 4.495) (Ó Articulado).	7237	
N.º 4. Do GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIA- LISTAS DE GALICIA (n.º 4.498) (Á totalidade con texto alternativo).		7239
N.º 5. Do GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIA- LISTAS DE GALICIA (n.º 4.499) (Ó Articulado).		7240

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

A. PROXECTOS DE LEI

DE TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS
E CONSTRUCCIÓN PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

EMENDAS

PRESIDENCIA

Ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia das EMENDAS formuladas ó Proxecto de Lei **DE TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓN PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA** (publicado no B.O.P.G. n.º 309, do 16 de xullo de 1984).

O que se publica de conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Cap. II do Regulamento do Parlamento, do 1 de xuño de 1982, modificado o 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. n.º 150).

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 1984.

O PRESIDENTE
Antonio Rosón Pérez

N.º 1, de Don Camilo Nogueira Román do G.P. Mixto

SR. PRESIDENTE DA MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O **GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO**, a iniciativa do Deputado elixido por EG. **CAMILO NOGUEIRA ROMÁN**, de acordo cos dereitos que lle outorga o Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **EMENDAS** ó articulado do **PROXECTO DE LEI RELATIVO ÓS TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓN PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**.

EMENDAS Ó ARTICULADO

Emenda n.º 1

Art.º 1.3: Sostituí-lo texto dende a palabra "culturais" polo que segue:

"así como os relativos ás liñas de condución e distribución subterráneas ou tendidos aéreos de servizos como augas, gas, electricidade, comunicacións telefónicas ou saneamento".

Emenda n.º 2

Engadir un párrafo que dirá:

Art.º: 1.4.- Nas obras que afecten á defensa ou feitos por organismos do Estado e empresas públicas estatais a Comunidade Autónoma obrígase a proporlle ó Ministerio correspondente a sinatura de acordos dirixidos a acadalos obxectivos da presente Lei.

Emenda n.º 3

Art.º 4.º: Logo do Art.º 1, sustituí-lo texto por:

"Nesta Comisión figurará un representante do Consello onde se ubique a obra e, en cada caso, o técnico autor do proxecto."

Emenda n.º 4

Engadir ó remate o seguinte:

Art.º 5.º: "baixo criterios de promocionar a artistas valiosos existentes".

Emenda n.º 5

Disposición Transitoria: Engadir ó remate o seguinte:

"En cada caso o Regulamento da Comisión elaborárase no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da presente Lei".

Emenda n.º 6

Engadir unha Disposición Derradeira que dirá:

“A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG”.

Santiago, 26 de setembro de 1984.

Asdo.: **Camilo Nogueira Román**
Deputado
Anxel Guerreiro Carreiras
Portavoz do G.P. Mixto

**N.º 2, do G.P. Centristas
de Galicia**

Á MESA DA COMISIÓN 4.º

O GRUPO PARLAMENTARIO CENTRISTAS DE GALICIA, ó amparo do previsto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, formula ó **PROXECTO DE LEI SOBRE TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, as seguintes

EMENDAS

1.- Ó artigo 1.º

Postúlase a seguinte redacción dun apartado 1:

“Os proxectos técnicos relativos a edificios e construcións públicas en territorio de Galicia, financiados total ou parcialmente con fondos procedentes directa ou indirectamente dos presupostos da Comunidade Autónoma, deberán comprender traballos artísticos de decoración, embelecemento, dotación ou restauración de obras de arte”.

E a supresión do párrafo primeiro do seu apartado 2.

Motivación:

Precisión conceptual e de estilo.

2.- Ó artigo 3.º

Debe substituírse a frase: “...previstas integrar...” por “...que se prevén integrar...”

Motivación:

Corrección de estilo.

3.- Ó artigo 5.º

Supresión do seu texto a partir de “... e encomendaranse...”.

Motivación:

A plasmación legal do criterio a que responde o párrafo suprimido, entendemos que conculca os principios que inspiran o artigo 149,1,1 da Constitución, devindo, polo tanto, inconstitucional.

Outra cousa é que as bases do proxecto ou concurso poidan, en casos singulares, apreciar a circunstancia.

4.- Á Disposición Transitoria

Supresión

Motivación:

Non se xustifica a previsión que recolle, que podería conducir a unha perpetua provisionalidade, o que procede é que a Xunta constitúa, sen máis, a Comisión.

Santiago de Compostela, a 27 de setembro de 1984.

José María Pardo Montero
Portavoz do G.P. Centristas

**N.º 3, do G.P. Coalición
Galega**

EXCMO. SR. PRESIDENTE DA MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O GRUPO PARLAMENTARIO DE COALICIÓN GALEGA, ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta as **EMENDAS** que se adxuntan ó articulado do **PROXECTO DE LEI RELATIVO ÓS TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**, publicado no B.O.P.G. n.º 309, do 16 de xullo de 1984.

N.º 1.- EMENDA DE MODIFICACIÓN

Ó artigo 1, n.º 1

Sustituí-la expresión “proxectos técnicos de construción” pola seguinte: “proxectos técnicos de obras”.

N.º 2.- EMENDA DE ADICIÓN

Ó artigo 1

Engadir un número 2 bis co seguinte texto:

“Cando as obras a executar consistan na construción de edificios, os traballos artísticos terán por obxecto a súa decoración, interna ou externa, con pinturas, cerámicas, tapicerías, mosaicos, cristaleiras, fotografías, escultura, artesanía ou outras representacións plásticas que tendan ó seu embelecemento e a fomenta-la creación e difusión artístico-cultural de Galicia.

Nas demais obras os traballos consistirán na restitución do entorno, o acondicionamento de espazos, así como o ornato das mesmas, e dos paraxes e núcleos de poboación que poidan resultar afectados, especialmente no que atinxe á defensa das manifestacións da arquitectura popular galega ou de vestixios arqueolóxicos, circundantes, mantendo ó efectualos puntos de vista estrictamente artísticas, paisaxísticas e ambientais”.

N.º 3.- EMENDA DE ADICIÓN

Ó artigo 1, apartado 3

Engadir, ó final do texto do proxecto, o seguinte:

“...e aqueles dos que o seu presuposto non supere a cifra de cinco millóns de pesetas”.

N.º 4.- EMENDA DE SUSTITUCIÓN

Ó artigo 2, apartados 1 e 2

Sustituír polo seguinte texto:

“1.- Nos casos en que o Presuposto oscile entre 5 e 10 millóns de pesetas, a cantidade destinada ós traballos e dotacións a que se refire o artigo anterior será de 100.000 pesetas.

“2.- Cando o Presuposto supere a contía de 10 millóns de pesetas, destinarase a estes efectos o 1% daquel”.

N.º 5.- EMENDA DE SUPRESIÓN

Ó artigo 2, párrafo 3

Xustificación:

Contido incluído no artigo 1,3, por virtude da emenda anterior.

N.º 6.- EMENDA DE SUSTITUCIÓN

Ó artigo 3

Sustituír polo seguinte texto:

“Os proxectos deberán indica-lo tipo, natureza e emprazamento dos traballos artísticos ou dotacións de obras de arte que se prevén realizar na obra.

A estes efectos, o artista ou artistas seleccionados, de acordo co disposto no artigo 4, participarán, ós sos efectos de dotación artística, na elaboración do correspondente proxecto. Na fase de execución, colaborarán de forma inmediata cos facultativos encargados da dirección técnica, sempre baixo a dirección destes”.

N.º 7.- EMENDA DE ADICIÓN

Ó artigo 4

Engadir, como novo párrafo, o seguinte texto:

“Cando o presuposto da obra exceda da contía de 200 millóns de pesetas, será preceptiva a apertura dun concurso público de ideas, ós efectos artísticos complementarios do proxecto técnico.”

N.º 8.- EMENDA DE ADICIÓN

Ó artigo 4

Engadir, tra-lo texto correspondente á emenda anterior, un novo párrafo co seguinte texto:

“A contía dos proxectos técnicos de obras será unitaria aínda cando o seu importe estea presupostado en distintas fases”.

N.º 9.- EMENDA DE ADICIÓN

Dun novo artigo 5 bis

Co seguinte texto:

“A selección dos artistas ou ideas derivadas do concurso público non supoñerá a paralización do procedemento de contratación ou da execución do proxecto.”

N.º 10.- EMENDA DE SUSTITUCIÓN

Á Disposición Transitoria

Sustituír polo seguinte texto:

“A Xunta de Galicia, regulará, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta Lei, a composición e funcionamento da Comisión a que se refire o artigo 4 da mesma”.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 1984

Asdo.: **Pablo González Mariñas**
Portavoz do G.P. Coalición Galega

N.º 4, do G.P. Socialistas de Galicia

Á MESA DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN E CULTURA

O GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, a través do seu Portavoz e ó amparo do disposto no artigo 112 do Regulamento, presenta ó **PROXECTO DE LEI RELATIVO ÓS TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓN PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA** a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE** con texto alternativo.

LEI DE FOMENTO DE TRABALLOS ARTÍSTICOS NAS OBRAS PÚBLICAS COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Exposición de Motivos

No ámbito das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 27.19 do seu Estatuto fai referencia ó fomento da cultura, o que vencellado a aqueloutras materias relacionadas nos puntos 3, 7, 8 e 18 do devandito artigo estatutario, así como á potestade autoorganizativa da Comunidade Autónoma reconecida nos artigos 137 e 148.1.1.º da Constitución e 27.1 do propio Estatuto, vén de lexitimar ó lexislador galego para producir a presente Lei. Unha Lei que ten como obxecto primordial (en liña coa iniciativa estatal recollida no Decreto 2.832/78, do 27 de outubro, e, fundamentalmente, coas previsións tamén estatais a incorporar na Lei do Patrimonio Histórico) o establecemento para a nosa Comunidade Autónoma da chamada “porcentaxe cultural” ou partidas presupostarias destinadas á realización de traba-

llos artísticos nas obras públicas financiadas pola mesma ou, sen a súa participación financeira, construídas ou explotadas por particulares en virtude de concesión administrativa.

A finalidade dos traballos artísticos a realizar -ó tempo que debe supoñer un pulo e afortalamiento dos valores xeral culturais do pobo galego- persegue a integración da obra pública no seu entorno mediante a súa conservación ou enriquecemento.

Artigo Primeiro

1. No presuposto de cada obra pública, financiada total ou parcialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia, incluírase unha partida equivalente cando menos ó 1% dos fondos que, en contía superior a 50 millóns de pesetas, sexan de aportación da devandita Comunidade con destino a financiar traballos artísticos de conservación ou enriquecemento relacionados directamente coa propia obra ou co seu inmediato entorno.

2. Se a obra pública houber de constituírse e explotarse por particulares en virtude de concesión administrativa outorgada pola Comunidade Autónoma de Galicia, sen a súa participación financeira, o 1% aplicarase sobre o presuposto total para a súa execución sempre que o mesmo sexa superior a 100 millóns de pesetas.

Artigo Segundo

No proxecto de cada obra pública deberá figurar a determinación do tipo e natureza dos traballos artísticos a realizar segundo o disposto no artigo anterior, sinalando, no seu caso, o seu emprazamento.

Artigo Terceiro

Os traballos ós que se refire o artigo 1 deberán ser de creación, e encomendaranse, preferentemente, a artistas que gocen da condición política de galegos.

Artigo Cuarto

A Xunta de Galicia determinará por Decreto, no prazo máximo de dous meses computados a partir da entrada en vigor da presente Lei, a composición e funcións dunha Comisión que, en todo caso, decidirá a quen se lle encarga a realización, verbo de cada obra, dos traballos artísticos a que se fai referencia no artigo 1.

Trimestralmente, a Comisión enviará un informe ó Parlamento sobre da súa actividade. Dito informe será defendido por unha representación da devandita Comisión, encabezada, no seu caso, polo seu Presidente.

Disposición Transitoria

Mentres que a Xunta non regule a composición e funcións da Comisión a que se refire o artigo 4 desta Lei, o artista ou artistas que haxan de realiza-lo traballo artístico serán designados polo Consello da Xunta, oído o técnico autor do proxecto.

Disposición Final

Autorízase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta Lei.

Parlamento de Galicia, 27 de setembro de 1984.

Asdo.: **Manuel Ceferino Díaz e Díaz**
Portavoz do G.P. dos Socialistas

N.º 5, do G.P. Socialistas de Galicia

Á MESA DA COMISIÓN DE EDUCACIÓN E CULTURA

O GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, a través do seu Portavoz e ó amparo do disposto no artigo 112 do Regulamento, presenta ó PROXECTO DE LEI RELATIVO ÓS TRABALLOS DE DOTACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E CONSTRUCCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA as seguintes EMENDAS Ó ARTICULADO, para o caso de que non fose aprobada a Emenda á totalidade con texto alternativo formulada por este Grupo ó mesmo Proxecto de Lei.

EMENDA N.º 1

Ó artigo 1

Debe substituírse polo seguinte texto:

"1. No presuposto de cada obra pública, financiada total ou parcialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia, incluírase unha partida equivalente cando menos ó

1% dos fondos que, en contía superior a 50 millóns de pesetas, sexan de aportación da devandita Comunidade con destino a financiar traballos artísticos de conservación ou enriquecemento relacionados directamente coa propia obra ou co seu inmediato entorno.

2. Se a obra pública houber de construírse e explotarse por particulares en virtude de concesión administrativa outorgada pola Comunidade Autónoma de Galicia, e sen a súa participación financeira, o 1% aplicarase sobre o presuposto total para a súa execución sempre que o mesmo sexa superior a 100 millóns de pesetas".

Xustificación:

Cómpre comenazar, no primeiro artigo da Lei, por facer referencia non tanto ós proxectos técnicos coma ó 1% en si. Pero, ademais, o artigo emendado leva consigo, ó noso xuicio, non poucas eibas; así, por exemplo, pode constituír unha extralimitación competencial o falar, sen máis, de "Entidade pública no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" e, sobre todo, de fondos procedentes "indirectamente" dos seus presupostos. Á marxe de todo isto, nós estamos por cingui-lo destino do 1% a traballos relacionados directamente coa propia obra ou co seu inmediato entorno, como dicimos expresamente, mais deixando fóra conceptos como os de "decoración" ou "embelecemento", o que necesariamente cómpre relacionar co que, ó noso xuicio, debe constituír-la esencia dos traballos artísticos a realizar: non coidamos conveniente a primacía da fasquía cuantitativa ou proliferativa dos devanditos traballos; velaí, xa que logo, o límite de 50 millóns de pesetas verbo da participación financeira da Comunidade Autónoma ou o dos 100 millóns noutro caso. Neste último senso cómpre igualmente especifica-la porcentaxe verbo da devandita participación ou verbo do total da obra.

EMENDA N.º 2

Ó artigo 2

Debe suprimirse

Xustificación

Fica incluído no artigo anterior, segundo a nosa emenda, onde xustificámo-los límites a establecer.

EMENDA N.º 3

Ó artigo 3

Debe substituírse polo seguinte texto:

“No proxecto de cada obra pública deberá figura-la de-terminación do tipo e natureza dos traballos artísticos a realizar segundo o disposto no artigo anterior, sinalando, no seu caso, o seu emprazamento”.

Xustificación

Redacción máis precisa e axeitada ás emendas anteriores.

EMENDA N.º 4

Ó artigo 4

Debe substituírse polo seguinte texto:

“A Xunta de Galicia determinará por Decreto, no prazo máximo de dous meses computados a partir da entrada en vigor da presente Lei, a composición e funcións dunha Comisión que, en todo caso, decidirá a quen se lle encarga a realización, verbo de cada obra, dos traballos artísticos a que se fai referencia no artigo 1.

Trimestralmente, a Comisión enviará un informe ó Parlamento sobre da súa actividade. Dito informe será defendido por unha representación da devandita Comisión, encabezada, no seu caso, polo seu Presidente”.

Xustificación

Precisámo-lo cando da posta en marcha da Comisión a que se fai referencia e introducímo-lo necesario vencello co Parlamento.

EMENDA N.º 5

Ó artigo 5

Debe substituírse “... artistas galegos ou residentes en Galicia” por “... artistas que gocen da condición política de galegos”.

Xustificación

Redacción máis axeitada á luz do artigo 3.1 do Estatuto.

EMENDA N.º 6

Á Disposición Transitoria

Débase engadir “... e funcións...” despois de “... com

posición...” e substituírse “... realiza-la obra artística programada...” por “... realiza-lo traballo artístico...” así como “... titular da Entidade...” por “... Consello da Xunta...”

Xustificación

Precisión e implicación, imprescindible, dos poderes públicos galegos.

EMENDA N.º 7

De adición dunha Disposición Final. Debe dicir:

“Autorízase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta Lei”.

Xustificación

Previsión necesaria.

EMENDA N.º 8

Á Exposición de Motivos

Debe suprimirse

Xustificación

Axeitala ás emendas que, no seu caso, se poidan incorporar ó Proxecto de Lei.

EMENDA N.º 9

Ó Título da Lei

Debe substituírse polo seguinte texto:

“Lei de fomento de traballos artísticos nas obras públicas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia”.


Xustificación

Tentámo-lo meirande achegamento ó carácter e contido da Lei.

Parlamento de Galicia, 27 de setembro de 1984.

Asdo.: Manuel Ceferino Díaz e Díaz
Portavoz do G.P. dos Socialistas

PUBLICACIONES DO PARLAMENTO DE GALICIA



-
- Vol. 0 Regulamento do Parlamento de Galicia
-
- Vol. 1 Estatuto de Autonomía de Galicia
Lei da Sede das Institucións Autonómicas
Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
-
- Vol. 2 Lei de normalización lingüística
-
- Vol. 3 Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
-
- Vol. 4 Lei de recoñecemento da galegitude
Lei de Fundacións de interés galego
Lei do Consello da Cultura Galega
-
- Vol. 5 Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982
Lei para o incremento dos tipos de taxas de cuantía fixa
Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
-
- Vol. 6 Lei de sanidade escolar
-

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfono (986) 218204

De venda
en librerías